

Regulamento IV San Silvestre Solidaria Concello de Monterroso (Virtual)

O Concello de Monterroso organiza a IV San Silvestre cun obxectivo solidario para recadar fondos para que os pequenos das familias con menos recursos do noso Concello reciban un xoguete este Nadal.

1.- Obxectivo

Esta edición é virtual e non competitiva. Non haberá competición individuais pero propónse como **obxectivo colectivo** que a suma das actividades de tódolos participantes, maiores e pequenos, superen a cifra de 2020km. É un obxectivo ambicioso pero entre todos estamos seguros de que vamos vencer ó 2020 sumando entre tódalas actividades dos inscritos mais de 2021km.

2.- Inscripción

A IV San Silvestre Concello de Monterroso está **aberta a tódalas idades** e terá un coste de 3€. **O prazo de inscrición remata o 27 de decembro as 23:59h.**

3.- Período de Actividade

Poderanse realizar as actividades dende o 24 de decembro de 2020 ata o 6 de xaneiro de 2021 ámbolos días incluídos.

4.- Actividades permitidas

A actividade pódese facer camiñando ou correndo sen importar o tempo que leve. O importante é acadar entre todos o obxectivo colectivo. Permitírase varias actividades por participante.

5.- Control da actividade

Realización da actividade: Para realizar e medir a actividade podes usar calquera dispositivo que uses normalmente (Gps, aplicación móbil, cronómetro, reloxo...)

Unha vez realizada a/s actividade/s poderanse rexistrar no prazo e datas indicadas na web oficial, picando no botón "Rexistro de actividade" identificándose co dorsal e a data de nacemento. Pedirase una proba gráfica da actividade (captura do track, display dispositivo do GPS, **pantallazo do móbil, fotografía do cronómetro ou do reloxo ...**).

6.- Sorteio entre os participantes

Haberá un sorteio de material deportivo entre tódolos participantes que rexistren a/s súa/s actividade/s na web oficial dentro dos prazos definidos neste regulamento.

7.- Aceptación do regulamento

A participación na carreira implicación a aceptación deste regulamento e que os datos das actividades subidas a plataforma son públicos.

O participante, no momento de la inscrición, manifesta encontrarse en perfecto estado de saúde para participar na actividade deportiva IV San Silvestre Solidaria Monterroso 2020

Cada participante leva acabo a súa actividade baixo a súa enteira responsabilidade, afirma posuír un nivel de condición física suficiente para afrontala y comprométese a aceptar estritamente este regulamento.

Para a realización das actividades seguiranse estritamente os protocolos COVID e as indicacións que as autoridades sanitarias definan para as actividades deportivas e ó aire libre

A organización declina toda a responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar a terceiros.

A Organización reserva o dereito de modificar o presente Regulamento, comunicándoo a través da páxina web da carreira e a súas redes sociais.